



Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En Santiago de Compostela, a 29 de marzo de 2011

REUNIDOS

DUNHA PARTE, don Alfonso Rueda Valenzuela, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en exercicio das súas competencias atribuídas de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e o Decreto 7/2011, de 7 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

DOUTRA PARTE, dona M.^a del Mar Pereira Álvarez, secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Secretaría Xeral de Innovación e Modernización Tecnolóxica (en adiante, SXMIT), en exercicio das súas competencias atribuídas polo Decreto 207/2009, do 23 de abril, en virtude da desconcentración de competencias que lle atribúe a disposición adicional segunda, apartado b) do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E DOUTRA PARTE, don Carlos Antonio Fernández Castro, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, Fegamp).

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade, lexitimidade,



suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir a presente addenda e na súa virtude,

EXPOÑEN:

I.- En data 13 de xullo de 2010 asinouse o convenio referido e na súa cláusula cuarta do capítulo primeiro establecíase un período para a adhesión, sendo o prazo excesivamente curto. En data 13 de outubro de 2010 asinouse unha prórroga ata o día 31 de marzo de 2011.

En data 14 de decembro de 2010 a comisión de seguimento do convenio acordou rectificar erro na composición da mesma toda vez que figuraba a persoa titular da Secretaría Xeral da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa en vez da Secretaría Xeral da Consellería de Facenda.

II.- A vista do ritmo de adhesións e cara a garantir que todos as entidades poidan adherirse é preciso outorgar un novo prazo suficiente que permita a adhesión e considerando o acordo de rectificación de erro da comisión de seguimento.

As partes reunidas

ACORDAN:

I.- Ampliar o prazo establecido na cláusula cuarta do capítulo primeiro ata o día 31 de decembro de 2011.

II.- Rectificar a composición da comisión de seguimento na que se suprime a persoa titular da Secretaría Xeral da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Facenda.



XUNTA DE GALICIA

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente, no lugar e data sinalados *ut supra*.

Conselleiro de
Presidencia,
Administracións
Públicas e Xustiza

Alfonso Rueda
Valenzuela

Secretaría Xeral de
Modernización e
Innovación
Tecnolóxica

M.ª del Mar Pereira
Álvarez

Presidente da Fegamp

Carlos Antonio
Fernández Castro